

Ángel Berdiales

ERMAOS del HERBA SECA

↓ Entrambasaugas

Nun ten pensao fer un tour por Europa cúa súa banda nin tampouco nun vai marchar a Londres pra dar os últimos toques al sou próximo disco. Mañá ten qu'erguerse cedo pra trabayar con sou ermao porque é carpinteiro y neso gana el pan. Però é novo, mánaye a música y quédaye muito por dicir. É Ángel Berdiales ou, se lo queren miyor, Ermaos del herba seca.

Daquén ye apurre úa cinta al conductor del autobús que lleva a os estudantes pral Instituto de Tapia. As notas d'un rock and roll empezan a suar anunciando qu'hai festa na cuadra: "Naide ten galbana, naide quer quedar na cama nin un minuto más, vamos todos pá cuadra, qu'hoi é el día da festa. Salta entre el mollido, coye úa gavella, espárcela nel aire y volve a empezar. Vaiche gustar: el comer y el folgar é solo empezar". Ta claro: é el disco *Entornóu el varal*, del grupo Ermaos del herba seca.

Non sólo os rapaces da zona comentan da maqueta d'ese mozo da Caridá que canta na fala. Tamén falan d'Ermaos del herba seca as radios y televisións locais. D'*Entornóu el varal*, distribuido por Tapia, A Caridá, y un pouco por aquí y outro pouco por alló, xa van vendidos camín dos 300 exemplares, cantidá ben curiosa nestos niveles comerciales. ¿D'únde salíu todo esto?

Ángel Berdiales García nacéu hai 28 anos na Caridá. Os sous primeiros pasos na música foron da mao de *Barón Rojo* y outros grupos de *heavy metal* d'aquellos anos. Iba a 2º de BUP y as mesas del Instituto de Tapia empezaron a sufrir as súas primeiras lletras. Hestorias divertidas que falaban del sou entorno, da súa vida núa villa pequena d'a caballo col mundo rural, de conexas catalésicos que resucitaban y que nun fía falta enterrallos nel hortito, de sacar el cuito mañá pola mañá porque se non súa bola íbaye fer tragar carola, del coche de rabo en espiral qu'é un coche de verdá... Nun era raro qu'a os poucos día topara dalgún compañeiro que, entre risas, cuntábaye que ye tocara a mesa cuas súas últimas ocurrencias.

Foi con 16 anos condo empezóu con us compañeiros naviegos a tocar nun grupo. El *heavy* era toda el que querían y cualquier outra clas de música nun yes daba más. Úa casa delante del iglesia de Navia valúyues d'aveiro pra ensayar hasta que tuvieron que marchar pras escolas de Talarén. Y é qu'el *hard rock* pegaba mal cuas salidas dos enterros.

Cuatro ou cinco anos d'actuacións pola marina occidental foron dándoye esperiencia como vocalista primeiro

y despóis tamén como baxista y guitarrista. Condo os compañeiros foron marchando pra buscar trabayo fora, Ángel Berdiales pasóu a tocar cos lluarqueses *Steel* y, al pouco, entróu nel grupo de Veiga *Redada*, cos que fixo versións de rock duro y cántigas propias en castellanó. Dalgúa maqueta en directo recorda aquellos tempos en que tocaban muito por Navia y Lluarca con outros grupos entre os que tuvieron *Kashmir* ou *La Destilería*.

Hai xa tres anos que toca solo, pra él. Nun cuartín nel piso d'enriba da súa casa na Caridá amontúanse guitarras, baxos, teclaos, úa grabadora dixital d'oito pistas, úa duplicadora de CDs, un ordenador unde ten un programa de secuenciación prá percusión y unde diseña as portadas... Allí fexo tres maquetas, dalgúa de música electrónica, que distribuíu por España y que reseñaron revistas especializadas en heavy metal. Guarda un feixe de cartas que ye chegaron de Valencia, de Barcelona, de Madrid...

Peró quedabaye el areya de fer un disco unde sacar todas aquellas cántigas na súa fala que fixera pra divertirse nos tempos del Instituto. D'ei salíu el LP, que titulóu *Entornóu el varal* pra seguir cúa broma, y qu'empezóu a distribuir nel mes de mayo. Ás cancións veyas como "Balada al conexo morto", "Mañá pola mañá saco el cuito", "Mira ese coche", "As folgueiras del mal", "Antes de ayer" ou "Metín el pé nel furaco da raposa", amecéu outros temas novos pr'arredondiar el idea de disco que tía na cabeza: "Festa na cuadra", "Aquellos tempos del pataqueiro", "Demonio de neno" y "Cravuñando entre el reigás".

Xa nun son sólo temas de hevy —aunque los sigue habendo y ben potentes—. Tamén deixa sito pra baladas de guitarras menos distorsionadas, pral blues máis sureño y pra os aires de jazz. Y é que xa nun é como condo era un rapaz y pensaba qu'a música que nun fora heavy era úa carayada. Gústaye a música negra y todos os estilos ye valen pr'aprender y sacar ideas.

Pasa todo el tempo que pode nel sou "mini estudio" de grabación y ten xa un feixe de minutos de música y ideas pra perfeccionar. Díznos con úa sonrisa cómpriz: "Otro Ermaos del herba seca, ten qu'habello, ho". Eso esperá muita xente y nosoutros os primeiros. 

